

ASISTENTES:

Bergareche Gros, Almudena
Cabeza Pereiro Jaime
López Prieto, Nieves
Lorenzo Merino, Fernando
Martínez Táboas, M^a Teresa
Rodríguez Damián, Amparo

Grande Seara, Pablo (con voz pero
sin voto)

Ás 10,00 h. do día 5 de marzo de 2010, deu comezo na Sala de Xuntas A-202 da Facultade de CC. Xurídicas e do Traballo, unha reunión ordinaria, en segunda convocatoria, da Comisión Permanente da Xunta de Facultade, coa seguinte orde do día:

1.. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (que se achega).

2.. Informes do Decano.

3.. Admisión a trámite, se procede, da solicitude de avaliación curricular presentada polos alumno/as:

ÁLVAREZ FERNÁNDEZ, LORENA;
BRAVO OTERO, M^a JOSÉ; GAGO
MONTES, ESTELA ANA; IGLESIAS
ÁLVAREZ, M^a ESTELA

4.. Aprobación, se procede, de modificacións de horarios puntuais.

5. Aprobación se procede das desgravacións docentes para o curso 2010/2011.

6. Aprobación, se procede, das modificacións introducidas no SGIC da

Facultade, como consecuencia do informe da ACSUG.

7. Rogos e preguntas.

No primeiro punto da orde do día, apróbase por asentimento a acta da reunión ordinaria precedente do día 22 de decembro de 2009.

No segundo punto da orde do día, o Sr. Decano informa sobre as seguintes cuestións:

- a) Da conclusión das obras de reforma realizadas nas novas aulas, que xa se atopan en funcionamento.
- b) Que, no seguimento dos primeiros cursos dos graos que se está a levar a cabo nas dúas titulacións, requeríu a presenza do Sr. Decano, dos coordinadores dos graos e do Sr. Vicedecano de Docencia nas aulas para dirixirse aos alumnos co fin de corrixir certos comportamentos dos que se queixaron os docentes dos primeiros cursos.

No terceiro punto, apróbanse por asentimento, a admisión a trámite das solicitudes de avaliación curricular presentadas polas alumnas: Dona Lorena Álvarez Fernández respecto da materia *Dereito Internacional Privado*; M^a José Otero Bravo con relación a. *Dirección Estratéxica*; Estela Ana Gago Montes na de Dereito da Seguridade Social; e M^a Estela Iglesias Álvarez na de *Análise dos Estados Financieros*.

A Comisión encargada de resolver esta avaliación está formada para os alumnos da licenciatura de Dereito polos seguintes membros:

Presidente: Fernando Lorenzo Merino (titular) / Pablo Grande Seara (suplente)
M^a Antonia Arias Martínez (titular) / Sonia Rodríguez-Campos González (suplente).
Noemí García Gestoso (titular) / Almudena Bergareche Gros (suplente).
Javier de Vicente Remesal (titular) / Marta García Mosquera (suplente).
Helena Martínez Hens (titular) / Ángel M. Mariño de Andrés (suplente).

Por parte dos estudantes desígnanse:

Na materia de Dirección Estratéxica a D. Rubén Fuentes Fernández (titular) / D. David Ramírez Castro (suplente). Na de Dereito Internacional a Dona Cecilia Burgos Reza (titular) / Dona Rosa M^a Castro Mouriño (suplente). En Análise dos Estados Financieros a Dona Ana Carballido Romero (titular) / Dona Eva Díaz González (Suplente)

Na materia de Seguridade Social da Diplomatura de Relacións Laborais a Comisión queda integrada por:

Prof. Fernando Lorenzo Merino (titular) / Prof. Pablo Grande Seara. (suplente)
Prof. Carmen Ruíz Hidalgo (titular) / Prof. Jaime Aneiros Pereira (suplente)
Prof. Fátima García Rodríguez (titular) / Prof. Magdalena Barahona Martín (suplente)
Prof. M^a Mar Rodríguez Domínguez (titular) / Prof. M^a Elena Velando Rodríguez (suplente)
Prof. Carmen Domínguez Rubira (titular) / Prof. Anxo Fernández González (suplente)
Por parte dos estudantes desígnase a Dona Susana Alén López (titular) / Dona Sandra Alonso Bello.

Quedan pendentes de designar polos Departamentos un membro de cada unha das áreas a que pertence a materia sometida a avaliación.

No cuarto punto, apróbanse por asentimento as seguintes modificacións de horarios:

Na materia de Filosofía da licenciatura en Dereito de 5º curso, a clases de prácticas dos luns e mércores pasan de 15,30 a 17,30 Hs. Modificación consensuada entre a profesora Dona Pilar Allegue e os alumnos.

Na materia de Constitucional II, impartida no 2º curso da licenciatura en Dereito, e co fin de cubrir unha baixa laboral, dita materia pasa de ser impartida o mércores de 12 a 14 hs. para o mesmo día de 12 a 13 hs. e o xoves de 9 a 10 hs. Modificación que conta tamén co acordo dos alumnos.

En Dereito Constitucional II correspondente ao 1º curso do Grao en Dereito adiantanse as prácticas dos luns do grupo B, de 12, 15 hs. a 14 hs que esta libre. Modificación solicitada polos alumnos a profa. Dona Almudena Bergareche Gros.

No quinto punto aprobanse por asentimento as seguintes desgravacións docentes para o curso 2010/2011: 65 hs. Para D. Pablo Grande Seara, 65 para D. Angel Mariño de Andrés; 35 hs. para Dona Teresa Martínez Táboas; 15 hs. para Dona Pilar Allegue Aguete, 5 hs. para Dona Regina Ibañez Paz. Quedan reservadas 20 hs. para os futuros coordinadores do 2º curso do Grao de Dereito e do 2º curso do Grao de Relacións Laborais e Recursos Humanos. En canto as 120 hs. reservadas para o Decano, irán sin designación nominativa para o próximo Decano/a que saia elixido/a.

No sexto punto, aprobanse por asentimento as modificacións introducidas no SGIC da

nosa Facultade, achegadas por correo electrónico, feitas como consecuencia das propostas de mellora realizadas pola ACSUG na emisión do informe de valoración positiva condicionada. Que serán presentadas de novo perante este órgano co fin de obter a súa aprobación definitiva.

No punto adicado a rogos e preguntas o Prof. D. Jaime Cabeza manifesta que as materias pertencentes aos cursos Jean Monnet financiadas durante tres anos debe facerse todo o posible por manter a súa continuidade, e si elo non se fai, é un incumplimento do compromiso asumido. Con relación ao POP en *Xestión e dirección laboral*, o citado profesor, transmite a súa intención de analizar dentro do seu equipo a posibilidade de levantar a suspensión do mesmo e poder impartilo o ano que ven, aínda que resultará difícil.

A profa. Dona Almudena Bergareche dí que dende o Decanato debe comunicarse a información relativa as materias de libre elección. Ao que responde o Sr. Decano que a recibirán inmediatamente, aínda que están pendentes de manter unha entrevista co Sr. Vicerrector. Nesta mesma cuestión, Dona Nieves López, insiste que deben revisadas os números de alumnos matriculados nestas materias.

Sen máis asuntos que tratar, e non habendo nin rogos nin preguntas, remata a sesión ás 11 h., do cal, como Secretaria, dou fe